

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

Introdución

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha esixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais.

A regulación dos Servizos Sociais Comunitarios establécese no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG Nº 63 do 30-03-2012), en desenvolvemento da Lei 13/2008.

No artigo 4, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. No artigo 60. 1.a) atribúe aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a competencia na creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos; No artigo 61.1. (Dos servizos sociais mínimos garantidos polos concellos) establece: De cara a lles garantir unha oferta pública de servizos sociais a todas as persoas, con independencia da súa residencia, todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

Son de aplicación así mesmo a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009), o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/01/2012); a Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 86 do 6/05/2013, corrección de erros da Orde do 19 de abril de 2013,DOG nº 94 do 20/05/2013); o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo; e especificamente no “Regulamento municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Meis” publicada integramente no BOPDEPO nº 66 do 04-04-2014, e na “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Meis”, publicada no BOPDEPO nº 228 do 25/11/2014.

Obxecto do contrato

O obxecto da contratación do Servizo de Axuda no Fogar, consiste en prestar dito servizo a persoas en situación de dependencia valorada que teñan na correspondente resolución do programa individual de atención a asignación deste servizo e tamén, a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as persoas usuarias na modalidade de Libre Concorrenza.

Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.
4. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:
 - a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
 - b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
 - c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
 - d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
 - e) Prever situacións de dependencia ou exclusión social.
 - f) Retardar ou evitar a institucionalización.
 - g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:
 - a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.



- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - V. Coidados básicos da vivenda.Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.
 - d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.
2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
 - b. Adaptacións funcionais do fogar.
 - c. Servizo de podoloxía.
 - d. Servizo de fisioterapia.
 - e. Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
 - b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Modalidades do servizo de axuda no fogar obxecto do contrato

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

4.1-SAF Dependencia:

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos. Para estes efectos, o Concello de Meis, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o

programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

A prestación destes servizos farase sempre de acordo coa prescrición técnica da traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios.

4.2 SAF para persoas usuarias en Libre Concorrenca:

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica da traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrencia.

A prestación do SAF ás persoas usuarias na modalidade de Libre Concorrenca realizarase atendendo ao Acordo-de servizo e ao Proxecto de Intervención asinados entre a Traballadora Social do Concello de Meis, e a/s persoa/s usuaria/s, respectándose estritamente no referido a intensidade, periodicidade, obxectivos, funcións e tarefas e con carácter xeral nos horarios de prestación, agás axustes imprescindibles para a organización do servizo, en calquera caso, os cambios deberán ser previamente autorizados pola traballadora social municipal, e aceptados pola/s persoa/s usuaria/s.

Prestación obxecto do contrato

Correspóndelle ao Concello o desenvolvemento das seguintes funcións: Planificación, Programación e Dirección técnica do servizo, Coordinación, Seguimento, Supervisión e control do SAF, Análise, Avaliación e Aprobación das altas e baixas do servizo.

Correspóndelle á empresa adxudicataria a cobertura operativa do servizo de axuda no fogar municipal para persoas con dependencia e libre concorrencia.

O ALCALDE

José Luis Pérez Estévez

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE